

## REUNIÓN CONSELLO DA MULLER NOVA

**Data:** 30 de xullo de 2016

**Hora:** 10.20-11.20

**Lugar:** Espacio Arroelo. Michelena, 11. 3º

**Asistentes:**

Javi Noya

Tamara Loureiro

Jone Ojeda

1

### ORDE DO DÍA: PREPARACIÓN CAMPAÑA 25N

#### 1. Presentación

Das 5 persoas anotadas para a reunión non aparece ningunha, pero sí chegan Javi e Tamara, que aínda que lles viña mellor o outro día plantexado, achegáronse a reunión.

Se lles avisa por whatsapp da importancia de ter o compromiso e de respectar os días que elas e eles mesmos elixiron, para un correcto desenvolvemento do Consello e non facer perder tempo ó resto de asistentes.

#### 2. Reflexión acerca da importancia da implicación dos homes na loita contra a violencia de xénero e a consecución da igualdade

Comezamos a reunión coa seguinte premisa: `A violencia de xénero é un problema dos homes que sofren as mulleres`. Dende esta idea enlazamos coa importancia que pode ter intervir sobre a ideoloxía machista que sustenta este grave problema social e da necesidade de que outros homes feministas trasladen as súas mensaxes e compromisos.

Traballamos varias cuestións:

#### Que lle dirías aos homes que sustentan esta ideoloxía? Sinalan este aspecto

- Como te sentirías se foras tratado coma un produto

Esta cuestión enlaza directamente cunha iniciativa xa comentada no fb Crea 8 de marzo, na que aparece a idea de que pasaría se os medios tratasen ós homes como tratan ás mulleres. Podedes indagar máis en

<https://www.buzzfeed.com/beatrizserranomolina/y-hasta-se-ha-echado-novio>

### **Que comentarios escoitamos ou están presentes no día a día**

- `Puta` hacia unha muller que vive a súa sexualidade de forma libre
- Culpabilizar á muller das consecuencias que poda ter ao vestir dunha determinada forma ou mostrar o seu corpo
- Chistes machistas  
Facemos referencia a unha páxina que además de expor chistes fala do número de votos positivos que ten cada ún. Máis do 75% todos.  
<http://chistes.yavendras.com/machistas.php>
- Comentarios pola rúa sobre aspectos do corpo dunha muller
- `Cala, ti non sabes...` menospreciando a valía ou a intelixencia da muller

2

Facemos referencia ó Proxecto Machismo cotidiano (**Everyday Sexism**, de **Laura Bates**), no que se relatan episodios de machismo vividos en primeira persoa. Outro medio para indagar.

### **Que comportamentos somos capaces de identificar no día a día que sustentan a inferioridade da muller con respecto ao home**

- Mirada de incredulidade ante ós cometarios de unha muller falando de fútbol
- Nas conversas a voz dun home escoítase máis ca da unha muller
- Que á hora de resolver papeleos ou conflitos administrativos o home teña máis credibilidade ou se lle faga máis caso que se defende o tema unha muller
- A idea de que un home é infiel porque outra muller lle provocou. E polo tanto a exención de responsabilidade
- A necesidade de que unha muller sexa salvada ou protexida por un home cando outro home está tentando ligar co ela e ela ten parella.
- Nunha barra preguntar antes ós homes que as mulleres
- Porlle a bebida alcóhlica sen preguntar ao home e a que non ten alcohol a muller
- A presenza maioritaria de mulleres en tendas que ten que ver con estética ou coa imaxe.
- O requisito de maquillarse para dar boa imaxe nunha tenda, para servir como modelos ao resto de mulleres.

Nos quedaría abordar homes famosos con mensaxes feministas e mulleres que estean na primeira liña, deixando ó seu marido nun segundo plano na vida pública. Se fala de botar unha ollada a estas dúas páxinas (aínda que sexa reprochable a forma de tratar algún contido):

<http://www.revistavanityfair.es/celebrities/articulos/meryl-streep-julianna-margulies-scarlett-johansson-susana-diaz/21071>

<http://www.upsocl.com/mujer/28-hombres-que-demuestran-que-no-es-necesario-ser-mujer-para-ser-feminista/>

De calquer xeito nos parece moi interesante poder seguir traballando a liña comezada por varias razóns:

- Focalizar na importancia de que os homes se comprometan a facer cambios nos seus comportamentos, comentarios, actitudes
- Que sexan outros homes os que pidan estos cambios (un pouco como os homes iraníes na campaña do hiyab)
- Que se traballe nas cuestións cotiás, como base da ideoloxía que sustenta a violencia de xénero.
- Que sexamos capaces de mobilizar aos homes de Pontevedra e doutras partes na campaña

3

### **3. Que se nos ocorre con esto para poder sensibilizar?**

De entrada manifestan a posibilidade de lanzar mensaxes que sexan proxectados en lugares emblemáticos da cidade para que a xente se pare a escoitar e reflexionar.

### **4. Tarefas ata setembro**

- Recoller comentarios, comportamentos, actitudes que sustentan a ideoloxía machista e por ende a violencia de xénero. Cousas das que sexamos testigos ou que outra xente nos conte...
- Botar unha ollada ás páxinas comentadas
- Pensar formas de sensibilizar de chegar a poboación que poidan impactar